

*Memoria de actividades
Servizo de Axudas ao Estudo,
Bolsas e Prezos Públicos
2019-2020*



Contido

INTRODUCCIÓN: ASPECTOS SALIENTABLES DO CURSO 2019/2020	2
PREZOS PÚBLICOS	3
1. Xestión do pagamento	4
2. Xestión das exencións e bonificacións	5
3. Xestión da falta de pagamento	6
4. Xestión das devolucións	6
5. Xestión do seguro escolar	6
6. Xestión da axuda de fondo de acción social para o persoal do Sistema Universitario Galego	6
AXUDAS E BOLSAS	8
1. Convocatorias do MEFP (e do Goberno Vasco para o alumnado empadroadado no País Vasco)	8
1.1. Bolsa de carácter xeral do MEFP e do Goberno Vasco	8
1.2. Bolsa de colaboración cos departamentos	12
2. Convocatorias de bolsas propias da Universidade de Vigo	13
2.1. Bolsa Comedor	13
2.2. Bolsas nas residencias universitarias	14
2.3. Bolsa para iniciar estudos de mestrado	16
2.4. Axudas ao estudo	17
2.5. Axudas urxentes e excepcionais COVID-19	19
2.6. Bolsas para a realización de cursos de linguas	20
2.7. Axudas para a difusión dos resultados de investigación do alumnado de Doutoramento interuniversitario en Protección do Patrimonio Cultural	21
2.8. Bolsa Santander Progreso	21
2.9. Bolsa Santander Equality	22
2.10. Bolsas de inclusión	23
2.11. Bolsas destinadas a persoas con discapacidade intelectual para a formación práctica na Universidade de Vigo	23
2.12. Bolsas de formación complementaria	25
2.13. Bolsas de mobilidade	32
2.14. Premios	37

INTRODUCCIÓN: ASPECTOS SALIENTABLES DO CURSO 2019/2020

A Universidade de Vigo consente do importante papel que pode desenvolver para o cumprimento da Axenda 2030, orienta de xeito transversal a súa estratexia cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). Neste senso as convocatorias de subvencións da institución contribúen especialmente de xeito sustancial ao cumprimento dos ODS:

1. Poñer fin a pobreza: adoptando como criterio prioritario para a obtención das bolsas a situación económica do alumnado universitario.
2. Poñer fin á fame: establecendo liñas específicas de bolsas destinadas a garantir a manutención do alumnado mais vulnerable.
4. Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida: convocando bolsas para que ningún alumno/a quede excluído do estudo por razóns económicas, e atendendo de xeito especial ao alumnado con necesidades educativas específicas, vítimas de violencia de xénero, e outros colectivos.
5. Lograr a igualdade entre os xéneros e empoderar a todas as mulleres e as nenas: promovendo distintas convocatorias de subvencións destinadas a consecución deste obxectivo.
10. Reducir a desigualdade en e entre países: destinando parte do seu orzamento a bolsas dirixidas a alumnado procedente de países en vías de desenvolvemento, que actuarán como “axentes de cambio” contribuíndo ao desenvolvemento socioeconómico dos seus países de orixe.
17. Alianzas para lograr os obxectivos: asinando convenios con distintas institucións públicas e privadas, para a realización de convocatorias de bolsas conxuntas de ámbito nacional e internacional, co obxectivo de promover a consecución dos ODS ao longo do mundo.

En canto a xestión levada a cabo no curso 2019/2020 cabe destacar os seguintes aspectos:

- Declaración do estado de alarma o 14 de marzo do 2020 que trae consigo a paralización e retraso dos procedementos administrativos de subvencións xa iniciados nese momento, e a imposibilidade de xestionar algunhas das convocatorias prevista, sobre todo as relacionadas coa mobilidade.
- Xestión dunha convocatoria extraordinaria de axudas destinada a os paliar os efectos negativos que as medidas de confinamento da poboación e as restricións da actividade económica provoca sobre o alumnado e as súas familias.
- Reforzo da nosa presenza nas xornadas de benvida da universidade e dos distintos centros.
- Aliñamento das convocatorias de bolsas cos ODS de acordo coa estratexia da universidade.
- Agrupamento de convocatorias de bolsas formación en tres convocatorias con características similares en canto a requisitos e plan de formación, simplificando tanto a xestión como a decisión do alumnado no tócate a solicitude das distintas bolsas.
- Establecemento da sede electrónica como canle exclusiva de presentación de solicitudes de bolsas.
- Implantación de novos servizos na plataforma de intermediación co obxecto de que a cidadanía non teña que presentar datos ou documentación que sa obra noutras administracións.
- Realización, por primeira vez, da enquisa de satisfacción ás bolseiras e bolseiros de formación complementaria.

Datos das ferramentas de difusión:

	Portal de bolsas	Web de prezos públicos	Axenda	App Convocatorias
Numero de visitas á páxina	41.176	13.626	5.726	160.218
Número de páxinas vistas únicas	31.362	9.527	4.334	
Promedio de tempo na páxina	00:02:11	00:02:40	00:02:19	

Sistema de queixas, suxestións e parabéns:


Tipo	Número
Queixa	18
Suxestión	2
Parabén	0

Tempo medio de resposta: 4 días
 Número de QSP respondidas en prazo: 100%

PREZOS PÚBLICOS

Ao longo do curso 2019/2020 realízase a xestión de prezos públicos derivados da actividade académica e a xestión da cotización do seguro escolar.

No tocante á xestión de prezos públicos asociados á actividade académica de titulacións oficiais e propias, os ingresos do curso supoñen un total de 14.245.803,34 €.




Os ingresos por mestrado diminuíron un 36% debido á redución no prezo dos estudos que habilitan para o exercicio de actividades profesionais

Os ingresos distribúense do seguinte xeito:


pago alumnado	9.486.400 €
exencións e bonificacións	1.165.276 €
compensación bolsa distintos organismos	3.594.127 €
TOTAL	14.245.803

1. XESTIÓN DO PAGAMENTO

No tocante á forma de pagamento elixida distribúese do seguinte xeito:



Unha parte importante do pago en efectivo corresponde a pagos nos que non se permite a domiciliación (alumnado con pagos pendentes, certificacións...).




O 4% estudantes que escolleron domiciliación como forma de pagamento devolveron os cargos, e o 8% que seleccionaron efectivo/tarxeta non pagaron en prazo.


2. XESTIÓN DAS EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

As exencións e bonificacións do importe total ou parcial de matrícula e outros prezos públicos asociados, son aprobadas cada curso académico por Decreto da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. No curso 2019/2020 foron beneficiarios de exención ou bonificación 4.168 estudantes cun importe total de 1.165.276 € distribuídos do seguinte xeito:

Gráfica 4. Número estudantes por exención ou bonificación



Gráfica 5. Importe por exención ou bonificación



A exención correspondente a familias numerosas de 3 fillos é compensada á Universidade polo MEFP, o que neste curso supón un importe de 551.092,91 €. Os demais importes son compensados pola Xunta de Galicia a través do financiamento global aportado á Universidade.

3. XESTIÓN DA FALTA DE PAGAMENTO

- Ao longo do curso 1.594 estudantes (7,5% do alumnado matriculado) inclumpliron os prazos de pago, correspondendo o 30% a domiciliacións nas que se rexeitou o cargo, e o 70% a pagos en efectivo/tarxeta que caducaron sen pago. En canto ao importe supón o 4% dos ingresos totais.
- No mes de maio enviouse notificación a 205 estudantes que mantiñan a débeda coa universidade.
- Finalizado o curso 169 estudantes manteñen a débeda por un importe total de 109.922 €, importe que inclúe o 10% de penalización aprobado polo Consello Social. A débeda media é de 650 € e supón o 0,77% dos ingresos totais.

4. XESTIÓN DAS DEVOLUCIÓNS

Finalizado o curso realizáronse 1.318 devolucións de prezos públicos por un importe de 351.010,39 €. O 18,81% das devolucións son debidas a modificacións na matrícula, o 6,68% a anulacións totais ou parciais de matrícula e un 38,92% son das exencións.

5. XESTIÓN DO SEGURO ESCOLAR


Cotizouse por un total de 16.436 estudantes menores de 28 anos españois e residentes estranxeiros.

6. XESTIÓN DA AXUDA DE FONDO DE ACCIÓN SOCIAL PARA O PERSOAL DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO


O persoal das universidades galegas ten recoñecida a gratuidade dos prezos públicos derivados da matrícula en titulacións oficiais, a través dos correspondentes acordos sindicais e con cargo aos fondos de acción social de cada universidade.

As axudas xestionadas no curso 2019/2020 de alumnado matriculado na UVIGO repártense do seguinte xeito:


Gráfica 6. Solicitudes



Gráfica 7. Importe matrícula persoal SUG na UVIGO



Con respecto ao persoal da UVIGO matriculado nas outras dúas universidades galegas distribúese do seguinte xeito:



Polo que o importe total da axuda do fondo de acción social imputable ao persoal da UVIGO ascende a 294.216,14 € e correspóndese con 481 estudantes.

AXUDAS E BOLSAS

Ao longo do curso 2019/2020 xestiónanse 2 convocatorias do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP) e 34 convocatorias propias da Universidade de Vigo, con todos os seus procedementos derivados (preparación e difusión da convocatoria, xestión de solicitudes, xestión económica, xustificación e reintegro).

	Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución* (días)	Número solicitudes	Número concedidas
Bolsas MEFP	N/A	N/A	N/A	8.770	5.961
Bolsas UVigo	1.675.433,85 €	76,91%	63	3.723	1.432

**desde o fin de prazo de solicitudes*

Por outra banda damos soporte a Consellería de Cultura, Educación e Universidade proporcionando datos académicos do alumnado da universidade de Vigo que presenta solicitude as seguintes convocatorias:

- Convocatoria dos premios fin de carreira para o alumnado que rematou os seus estudos universitarios no ano 2019 nas universidades do Sistema universitario de Galicia
- Convocatoria de axudas destinadas ao alumnado do SUG que, por causas sobrevidas e imprevistas ocorridas ao longo do curso académico 2019/20 ou por unha situación derivada da COVID-19, teña dificultades económicas para continuar estudos
- Axudas destinadas a persoas tituladas universitarias en situación de desemprego para a matrícula nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia
- Premios de excelencia académica ao alumnado de grao universitario oficial que obtivese as mellores cualificacións no curso 2018/2019 nas universidades do SUG
- Axudas ao alumnado do Sistema universitario de Galicia para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2020, co obxecto de coñecer a lingua dese país

E así mesmo proporcionamos datos académicos ao MEFP do alumnado solicitante dos Premios Nacionais de Fin de Carreira.


1. Convocatorias do MEFP (e do Goberno Vasco para o alumnado empadroadado no País Vasco)

1.1. Bolsa de carácter xeral do MEFP e do Goberno Vasco

Destinada a persoas que se matriculan na Universidade de Vigo nunha titulación oficial de grao ou mestrado.

O 41% das persoas matriculadas solicitan bolsa e a obteñen o 67% das persoas que o solicitan, polo tanto 1 de cada 4 persoas matriculadas obtén bolsa.


Gráfica 9. Solicitudes








Das concedidas, o 28,73% teñen concedida a contía ligada á renda cun importe por bolsa de 1.700€, o 24,39% teñen concedida a contía de residencia cun importe por bolsa de 1.600 €, e o 17,53% teñen só concedida a gratuidade dos estudos. A contía por excelencia concedeuse a 1.563 estudantes (o 26,86% das concedidas), cun total de 109.263,00 €.

A contía media é de 2.442,93 € (incluído o importe de prezos públicos de matrícula).

Gráfica 10. Importe adxudicado







1.1.1. Alegacións

Gráfica 16. Tipo de alegación presentada




Gráfica 17. Resolución alegacións



Estímanse o 69% das reclamacións de aumento de contía, tratándose na súa maioría de axudas de residencia por achega de contratos de aluguer durante o curso, ou alumnos que tiñan concedida a bolsa parcial e amplían matrícula. Asimismo, estímase o 28% das reclamacións presentadas fronte a denegacións de bolsa por achega de nova documentación.

1.1.2. Recursos

Gráfica 18. Tipo de recurso presentado



Gráfica 19. Resolución recursos



Dos recursos estimados, o 53,85% son de concesión da contía de residencia por achegar o contrato de aluguer durante o curso e os restantes correspóndense coa achega de nova documentación.

1.1.3. Revogacións

O importe total das revogacións ascendeu a 211.552,07 € e se corresponde con 105 alumnos, o que supón un 1% do total concedido, incluídos os prezos públicos.

O 95,07% son revogacións parciais por non ter superada a porcentaxe dos créditos esixidos nos que se matriculou (40% ou 50% segundo o caso), nin en convocatoria ordinaria, nin en extraordinaria, polo que procede o reintegro de tódolos compoñentes da bolsa concedida, agás a bolsa de matrícula.


As restantes revogacións, son por anular a matrícula ou ter axuda incompatible doutro organismo, polo que procede a devolución total da bolsa.

1.2. Bolsa de colaboración cos departamentos


Destinadas a iniciar ao alumnado universitario en actividades de investigación nos departamentos universitarios.

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Número concedidas	Contía media
106.000,00 €	100%	27	82	53	2.000,00 €

Gráfica 20. Solicitudes por rama



As solicitudes denegadas por falta de cupo correspóndense con alumnado que cumpre os requisitos pero non obtén a puntuación suficiente para ocupar algunha das bolsas ofertadas.



2. Convocatorias de bolsas propias da Universidade de Vigo


2.1. Bolsa Comedor

Destinada a garantir o acceso e permanencia na universidade do alumnado de titulacións oficiais con escasos recursos económicos.


- **SECTORES** Estudiantes de Grao e Mestrado
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO e do Concello de Vigo
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 0000 121D 482.01
- **INDICADORES DE RESULTADOS**

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
280.000,00 €	95,36%	119	1.000	500,00 €


Gráfica 22. Solicitudes



Gráfica 23. Denegadas por causa prioritaria



Gráfica 24. Causas de denegación (pode haber máis dunha por persoa)



2.2. Bolsas nas residencias universitarias


Destinadas a que ninguén quede excluído dos estudos por razóns económicas subvencionando os gastos de residencia do alumnado da Universidade de Vigo que teña a súa residencia habitual en distinta localidade á de estudos

- **SECTORES** Estudiantes de Grao, Mestrado e Doutoramento
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 0000 121D 482.15


➤ INDICADORES DE RESULTADOS

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
86.400,00 €	42,71%	195	268	900,00 €


Gráfica 25. Solicitudes



Gráfica 26. Denegadas por causa prioritaria



Gráfica 27. Causas de denegación (pode haber máis dunha por persoa)




2.3. Bolsa para iniciar estudos de mestrado

Destinada a financiar o custo da matrícula ao alumnado de mestrado afectado polo cambio de requisitos académicos da bolsa de carácter xeral.


- **SECTORES** Estudiantes que inician estudios de Mestrado Oficial
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 0000 121D 482.02
- **INDICADORES DE RESULTADOS**

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
50.000,00 €	100%	105	90	1.434,52 €


Gráfica 28. Solicitudes



Gráfica 29. Denegadas por causa prioritaria



Gráfica 30. Causas de denegación (pode haber máis dunha por persoa)




2.4. Axudas ao estudo

Destinada a atender as necesidades do alumnado matriculado na Universidade de Vigo en estudos universitarios oficiais de Grao, Mestrado ou Doutoramento, que presentan circunstancias económicas ou familiares que lle impidan ou dificulten a continuidade dos seus estudos.


- **SECTORES** Estudiantes de Grao, Mestrado e Doutoramento
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 0000 121D 482.03
- **INDICADORES DE RESULTADOS**

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
90.000,00 €	99,50%	77	535	443,33 €


Gráfico 31. Solicitudes




Gráfica 32. Solicitudes por modalidade




Gráfica 33. Denegadas por causa prioritaria - A



Gráfica 34. Denegadas por causa prioritaria - B



Gráfica 35. Denegadas modalidades A e B, por causa (pode haber máis dunha causa por persoa)




2.5. Axudas urxentes e excepcionais COVID-19

Destinada a atender as necesidades do alumnado matriculado na Universidade de Vigo en estudos universitarios oficiais de Grao, Máster e Doutoramento, afectado polas consecuencias económicas da declaración do estado de alarma que lle impida ou dificulte a continuidade dos seus estudos.


- **SECTORES** Estudiantes de Grao, Mestrado e Doutoramento
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 0000 121D 482.99
- **INDICADORES DE RESULTADOS**

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
150.000,00 €	40,51%	45	317	343,31 €


Gráfica 36. Solicitudes



Gráfica 37. Denegadas por causa prioritaria



Gráfica 38. Causas de denegación






2.6. Bolsas para a realización de cursos de linguas

Destinadas a financiar ao alumnado de titulacións oficiais o custo de matrícula dos cursos intensivos de verán no Centro de Linguas da UVIGO, para fomentar o aprendizaxe de linguas estranxeiras.

- **SECTORES** Estudiantes de titulacións oficiais da UVIGO
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 0000 121D 482.99
- **INDICADORES DE RESULTADOS**

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
10.000 €	98,43%	57	64	189,29 €




2.7. Axudas para a difusión dos resultados de investigación do alumnado de Doutoramento interuniversitario en Protección do Patrimonio Cultural

Destinada a axudar á difusión dos resultados das investigacións realizadas durante o período de formación do alumnado de Doutoramento a través de publicacións científicas de impacto, congreso internacional ou canle equivalente.

- **SECTORES** Estudiantes matriculados no Programa de Doutoramento Interuniversitario en Protección do Patrimonio Cultural
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 00PG 131H 482.99
- **INDICADORES DE RESULTADOS**

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
1.514,00 €	39,63%	38	3	200 €





2.8. Bolsa Santander Progreso

Facilitar no curso académico 2019/2020 o acceso á educación superior ao alumnado de Grao e Máster

- **SECTORES** Estudiantes de Grao e Máster
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Banco Santander
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 0000 121D 482.99
- **INDICADORES DE RESULTADO**

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
13.000€	100 %	23	465	1.000 €





2.9. Bolsa Santander Equality

Destinada a ofrecer a mulleres con bo expediente académico e escasos recursos económicos, a posibilidade de realizar estudos universitarios axudándolles durante os primeiros aos do grao. Cabe destacar que a alumna seleccionada pola Universidade de Vigo obtivo 1 das 2 bolsas ofertadas entre todas as universidades españolas participantes no programa.

- **SECTORES** Mulleres con bo expediente académico que inicien estudos de grao
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** BANCO SANTANDER
- **INDICADORES DE RESULTADOS**

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
10.000€	100 %	31	59	10.000 €




2.10. Bolsas de inclusión

Destinada á colaboración do alumnado na integración de alumnos/as con necesidades educativas especiais, que requiren dunha atención especial para a súa mellor integración e aproveitamento académico.

- **SECTORES** Estudiantes da mesma titulación oficial
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 0000 121D 482.06
- **INDICADORES DE RESULTADOS**

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
6.900€	100%	Concesión directa	5	1.380 €




2.11. Bolsas destinadas a persoas con discapacidade intelectual para a formación práctica na Universidade de Vigo

Estas bolsas teñen por obxecto a formación de xoves con discapacidade intelectual para que sexan capaces de desenvolverse en diferentes contextos sociais e laborais de cara a lograr a súa progresiva integración no mercado laboral e acadar así graos de autonomía e independencia persoal.

- **SECTORES** Persoas con discapacidade intelectual
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 0000 121D 482.06
- **INDICADORES DE RESULTADOS**

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
4.755,69 €	100%	70	6	1.380€

Gráfica 48. Solicitudes




2.12. Bolsas de formación complementaria

Destinadas a complementar a formación académica do alumnado a través de actividades compatibles cos seus estudos.


	Orzamento inicial	% orzamento executado	Partida orzamentaria	Tempo resolución (días)	Bolsas ofertadas	Número solicitudes	Prazas concedidas	Contía media
1. Centros	130.146,39 €	88%	0000 121D 482.11	74	31	90	31	3.683,54
2. Sistemas informáticos	395.838,54 €	77%	0000 121D 482.11	74	84	123	80	3.830,35
3. Unidades e Areas	104.324,07 €	64%	0000 121D 482.11	96	26	76	21	3.196,89
4. Centros de investigación	47.556,90 €	63%	CITI 131H 482.11 CAT1 131H 482.11 CIB1 131H 482.11 EMT1 131H 482.11	62	9	31	7	4.253,56
5. Green-campus	2.666,26 €	99%	0000 121D 482.11	31	1	2	1	2.642,05
6. Fundación ONCE-CRUE	14.400,00 €	76%	0000 121D 482.11	40	8	13	7	1.555,66

2.12.1. Bolsa de formación en Centros para o alumnado da Universidade de Vigo

- **SECTORES** Estudiantes dos Graos e Mestrados indicados
- **OBXECTIVOS** Fomentar unha mellor formación teórica e práctica do alumnado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades vinculadas á titulación na que se matricula
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO




Prodúcese unha renuncia sendo substituído pola lista de agarda




2.12.2. Bolsa de formación en Sistemas informáticos

- **SECTORES** Estudiantes dos Graos e Mestrados indicados
- **OBXECTIVOS** Fomentar unha mellor formación teórica e práctica do alumnado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades vinculadas á titulación na que se matricula
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO




Prodúcense trece renuncias sendo substituídos pola lista de agarda




2.12.3. Bolsa de formación Unidades é Áreas

- **SECTORES** Estudiantes dos Graos e Mestrados indicados
- **OBXECTIVOS** Fomentar unha mellor formación teórica e práctica do alumnado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades vinculadas á titulación na que se matricula
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO




Prodúcense tres renuncia sendo substituído pola lista de agarda




2.12.4. Bolsa de formación Centros de Investigación


- **SECTORES**
 - **OBXECTIVOS**
 - **FONTES DE FINANCIAMENTO**
- Estudantes dos Graos e Mestrados indicados
 fomentar unha mellor formación teórica e práctica do alumnado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades cunha forte compoñente de aprendizaxe e adquisición de novas capacidades e destrezas directamente vinculadas á titulación na que se matricula
 Orzamentos da UVIGO





Prodúcese unha renuncia sendo substituído pola lista de agarda



Realízase por primeira vez unha enquisa da satisfacción ao alumnado beneficiario de bolsa de formación en centros, centros de investigación, sistemas informáticos e unidade na que participa o 62% dos borseiros/as (131 enquisas) cos seguintes resultados:





2.12.5. Green Campus


- **SECTORES**
- **OBXECTIVOS**

Estudantes do Grao en Enxeñaría Forestal

- Poñer en práctica coñecementos adquiridos durante os estudos e desenvolver capacidades creativas e estratéxicas relacionadas coa educación ambiental
- Desenvolver competencias e habilidades relacionadas con tarefas de conservación da natureza

- **FONTES DE FINANCIAMENTO**

Orzamentos da Uvigo




2.12.6. Bolsa práctica “Fundación ONCE-CRUE” para alumnado universitario con discapacidade

- **SECTORES**

Estar matriculado/a na Universidade de Vigo en titulacións oficiais de GRAO e MESTRADO
Ter unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%
- **OBXECTIVOS**

Facilitar o desenvolvemento de prácticas académicas externas dirixidas a alumnado universitario con discapacidade promovendo así a mellora da súa empregabilidade e futuro profesional
- **FONTES DE FINANCIAMENTO**

Fondo Social Europeo



A solicitude denegada é por non estar matriculada no curso 2019/2020 e por non acreditar a discapacidade igual ou superior o 33%

2.13. Bolsas de mobilidade

Destinadas a financiar os gastos derivados dos desprazamentos e estadías para realizar actividades académicas.



	Orzamento inicial	% orzamento executado	Partida orzamentaria	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Solicitudes concedidas	Contía media
1. Doutoramento	55.000,00 €	71%	2020 00PG 131H 482.10	72	58	34	1.141,12 €
2. Mestrado	4.300,00 €	58%	2020 0010 111LP05 482.10 2020 0009 111LP 482.10 2020 0016 111LP 70 482.10	59	3	3	833,33 €
3. Ourense Exterior	24.500,00 €	68%	2019 00CS 421S 482.10 2019 0000 121D 482.10 2020 0000 121D.482.10 2019 OUR1 211ECUL 482.10	84	7	4	4.168,73 €
4. Fundación Carolina (concesión directa)	1.100,00 €	100%	2019 000 121D 482.99	127	2	2	549,88 €
5. Mujeres por África (concesión directa)	20.764,00 €	89%	2019 0000 121D 482.99 2020 0000 121D 482.99	11	-	2	9.219,87 €
6. Convenio Young Generations as change Agents	71218	91%	0000 121D 482.10		PRESELECCIONADA S POR SEPIE	5	12989,46


2.13.1. Bolsa Mobilidade para o alumnado de programas de Doutoramento da Universidade de Vigo

- **SECTORES**
- **OBXECTIVOS**

Estudantes de Doutoramento dos indicados
Contribuír a paliar os gastos ocasionados ao alumnado da Universidade de Vigo matriculado nos programas de doutoramento, con motivo da asistencia a cursos, congresos, estadias e realización de actividades incluídas na súa programación académica, que impliquen desprazamento


- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVigo






2.13.2. Bolsa Mobilidade Mestrado:



- **SECTORES** Estudiantes dos seguintes Mestrados:
 - Xenómica e xenética
 - Química teórica e modelización computacional
 - Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural
 - Investigación química e química industrial
 - Enxeñaría de minas
- **OBXECTIVOS** Sufragar os gastos derivados da realización de actividades propias dos Mestrados oficiais impartidos pola Universidade de Vigo, que se teñan que desenvolver nun lugar diferente ao da sede do Mestrado
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos Uvigo





2.13.3. Bolsas mobilidade internacional "Ourense exterior" para realizar estudos de Mestrado no Campus de Ourense

- **SECTORES** Estudiantes de Mestrado extranxeiros non residentes
- **OBXECTIVOS** Facilitar a mobilidade de cidadáns/ás ourensáns, galegos e españois residentes no estranxeiro, aos seus descendentes e demais cidadáns estranxeiros residentes fora de España, para cursar os estudos de primeiro de mestrado no Campus de Ourense
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da Uvigo, Deputación de Ourense e Consello Social



2.13.4. Bolsa de concesión directa para mobilidade en virtude do convenio asinado coa Fundación Carolina

- **SECTORES** Estudiantes do Mestrado en menores en situación de desprotección e conflito social procedentes de Iberoamérica
- **OBXECTIVOS** A Universidade de Vigo ten asinado un convenio coa FUNDACIÓN CAROLINA co obxectivo de formar persoal investigador con capacidade para deseñar, poñer en práctica e liderar proxectos de investigación en materia de desprotección e conflictividade social de menores de idade, desde unha perspectiva xurídica, psicolóxica e socioeducativa.

Contribuír a financiar o custo da estadía na Universidade de Vigo para cursar o Mestrado en menores en situación de desprotección e conflito social.

- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da Uvigo


2.13.5. Mujeres por África

- **SECTORES** Mulleres procedentes de países de África
- **OBXECTIVOS** A FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA ten asinado un convenio coa Universidade de Vigo co obxecto de contribuír ao progreso das mulleres africanas e as sociedades nas que viven, a través da participación no programa de bolsas Learn Africa para estudantes e investigadoras júnior africanas na Universidade de Vigo
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da Uvigo

2 bolsas concedidas a mulleres procedentes de Mozambique e de Guinea Ecuatorial

2.13.6. Convenio Young Generations as Change Agents”

- **SECTORES** Estudante Procedentes de Marrocos
- **OBXECTIVOS** Regular o procedemento para a concesión de axudas de mobilidade financiadas polo FAMI có instrumento “Mobility Partnership Facility” MPF II. Rama D. Proxectos Piloto sobre migración legal en España, a graduados marroquís para a realizar un mestrado en universidades españois en temas de interese para o desenvolvemento socioeconómico do país de orixe
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Servicio Español para la Internacionalización de la Educación




Concédense 5 bolsas a alumnado procedente de Marrocos

2.14. **Premios** A Universidade de Vigo, comprometida coa cultura do mérito e do aproveitamento académico reconece a través dos premios ao alumnado que destaca por unha traxectoria curricular de excelencia.

	Orzamento inicial	% orzamento executado	Partida orzamentaria	Tempo resolución (días)	Bolsas ofertadas	Número solicitudes	Solicitudes concedidas	Contía media
1. CÁTEDRA DELOITTE	1.750,00 €	43%	0007 111LL00 482.12	71	2	4	1	750
2. EGERIA	3.300,00 €	100%	00RS 421S 482.12	72	6	40	6	550
3. Excelencia Doutoramento	9.000,00 €	100%	00PG 131H 482.12	47	36	55	36	250
4. Excelencia Grao	36.000,00 €	100%	0000 121D 482.12	59	60	109	60	600
5. Excelencia Mestrado	9.000,00 €	100%	0000 121D 482.12	59	15	70	15	600
6.RSU e Axenda 2030	7.500,00 €	53%	0000 121D 482.12	64	6	28	6	663
7.TFM MEIA	500,00 €	100%	0005 111LP39 482.12	51	2	4	2	250
8.Axudas redacción textos galego	12.000,00 €	93%	2020 0000 421S NLI 482.99	71	-	164	27	415
9. Catedra MN	3.000,00 €	67%	007 111L00 48299	91	7	10	4	500
10.Incubi avanza	12.000,00 €	55%	0000 121D 482.99	48	2	5	1	6606,09
11. Incubi emprende	12.000,00 €	98%	0000 121D 482.99	98	11	16	11	1066
12. Catedra MN	3.000,00 €	67%	007 111L00 48299	91	7	10	4	500

2.14.1. Premios “Cátedra Deloitte”


- **SECTORES** Estudiantes de Grao e Mestrado
- **OBXECTIVOS** O recoñecemento dos traballos de fin de Grao e Mestrado realizados polo alumnado da UVigo do ámbito TIC que se distingan por ser especialmente relevantes no que atinxe aos beneficios sociais que levan asociadas as propostas dos mesmos, facilitando un premio en metálico aos autores/as.
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Cátedra Deloitte



A solicitude denegada é porque o grao non pertence á Escola de Enxeñaría de Telecomunicación ou Enxeñaría Informática



2.14.2. Premios Egeria á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de Grao e Mestrado



- **SECTORES** Estudiantes de Grao e Mestrado
- **OBXECTIVOS** Recoñecer, publicitar e premiar os mellores Traballos de Fin de Grao (TFG) e de Máster (TFM) que inclúan a perspectiva de xénero realizados polo alumnado
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Xunta de Galicia




2.14.3. Premios á excelencia académica para o novo alumnado de Doutoramento

- **SECTORES** Estudiantes de Doutoramento por primeira vez
- **OBXECTIVOS** Atender de maneira especial ao novo alumnado da Universidade de Vigo que destaca particularmente por unha traxectoria curricular de excelencia nos estudos previos aos de Doutoramento
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos Uvigo














2.14.4. Premios á excelencia académica para estudantes que inicien estudos universitarios en titulacións de Grao


- **SECTORES** Estudiantes de Grao por primeira vez
- **OBXECTIVOS** Incentivar a cultura do mérito e a excelencia, a través do recoñecemento ao alumnado cos mellores resultados académicos nos estudos previos ao seu ingreso na universidade, ou que teñan acadado un relevante éxito nas distintas fases das Olimpíadas científicas
- **FONTES DE FINANCIACIÓN** Orzamentos da Uvigo



2.14.5. Premios á excelencia académica para estudantes que inicien estudos Mestrado





- **SECTORES** Estudantes de Mestrado por primeira vez
- **OBXECTIVOS** Incentivar a cultura do mérito e a excelencia, a través do recoñecemento ao alumnado cos mellores resultados académicos nos estudos previos ao seu ingreso nos estudos de Máster
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da Uvigo






2.14.6. Premio TFG/TFM en temáticas relacionadas coa Axenda 2030, a cooperación ao desenvolvemento e a RSC

- **SECTORES** Estudiantes de Grao e Mestrado
- **OBXECTIVOS** Recoñecemento dos traballos de fin de Grao e Mestrado realizados polo alumnado da Universidade de Vigo que se distingan por ser especialmente relevantes en temáticas relacionadas coa Axenda 2030, a cooperación ao desenvolvemento e a responsabilidade social, facilitando a gratuidade da matrícula nos estudos que supoñan continuación dos xa cursados
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos Uvigo





2.14.7. Premios aos expedientes académicos con mellores cualificacións no Mestrado de Estudos Ingleses Avanzados e as súas aplicacións




- **SECTORES** Estudiantes do Mestrado de Estudos Ingleses Avanzados e as súas aplicacións
- **OBXECTIVOS** Recoñecer e incentivar ao alumnado con aproveitamento académico excelente no Mestrado de Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da Uvigo



2.14.8. Axuda para redactar e defender en galego Teses de Doutoramento, Traballos de Fin de Grao e Traballos de Fin de Mestrado

- **SECTORES** Estudiantes de Grao, Mestrado e Doutoramento

- **OBXECTIVOS** Incentivar o uso do galego nas Teses de Doutoramento, nos Traballos de Fin de Grao e nos Traballos de Fin de Mestrado, así como premiar o esforzo e o rigor de lle dar un tratamento coidado ao idioma e incrementar o patrimonio dos textos redactados
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Convenio coa Xunta de Galicia



2.14.9. Catedra MN

➤ **SECTORES**

Estudantes de grao e máster matriculados no traballo de fin de grao ou máster e que o defendan antes do 31 xuño do 2020
Estar matriculado no curso 2019/2020 na materia Laboratorio de Proxectos (LPRO) do



Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación

➤ **OBXECTIVOS**

O recoñecemento dos traballos fin de grao e mestrado e proxectos LPRO realizados polo alumnado da Universidade de Vigo nas áreas tecnolóxicas de especial interese da cátedra, facilitando un premio en metálico aos autores/as. En concreto, as áreas tecnolóxicas de especial interese son as seguintes:
o Automatización e robótica de procesos
o Identificación biométrica
o Enxeñaría lingüística e interfaces de voz
o Técnicas avanzadas de intelixencia artificial
o Xestión avanzada e masiva de datos (Big Data)

➤ **FONTES DE FINANCIAMENTO**


Cátedra MN



As solicitudes denegadas son por non obter un mínimo de 30 puntos na fase de preselección de solicitudes



2.14.10. Incuvi avanza

- **SECTORES** Estudiantes ou persoas egresadas da Universidade de Vigo que resultaran gañadores ou obtivesen unha mención honorífica na convocatoria de INCUVI-Emprende publicada por R.R do 15 de decembro de 2016
- **OBXECTIVOS** Contribuír á consolidación de proxectos emprendedores viables, nados ou desenvolvidos na Universidade de Vigo e promovidos por estudantes ou persoas recentemente tituladas na mesma.
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Convenio con distintasd institucións



2.14.11. Incuvi emprende

- **SECTORES** Alumnado matriculado na Universidade de Vigo en estudos de grao ou mestrado no curso 2019/2020 e Persoas tituladas en titulacións oficiais pola Universidade de Vigo no curso 2016/2017 ou posteriores.
- **OBXECTIVOS** Fomento do espírito emprendedor entre o alumnado e persoas recentemente tituladas a través dun concurso de ideas que proporcione a proxectos emprendedores dos tres campus un programa de preincubación de un ano de duración
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Convenio con distinta institucións



1 FIN DA
POBREZA



2 FAME CERO



4 EDUCACIÓN
DE CALIDADE



5 IGUALDADE
DE XÉNERO



10 REDUCCIÓN DAS
DESIGUALDADES



17 ALIANZAS PARA
ACADAR OS
OBJECTIVOS

